R. 7.955

APROBADA 26 NOV. 1998

CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA

DO USO DO

G A L E G O

NO

CONCELLO DE SOUTOMAIOR

CAPITULO I

DA OFICIALIDADE

Art. 1

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Soutomaior.
2. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal terán plena validez e eficacia.
3. Os cidadáns teñen dereito a seren atendidos e obteren copia ou recibiren notificación da documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

Art. 2

O Concello de Soutomaior empregará o galego nas súas actuacións administrativas internas e nas relacións cos cidadáns e coas entidades públicas e privadas sitas en Galicia.

Nas relacións coas persoas ou entidades radicadas e que actúen fora do territorio da nosa Comunidade autónoma, o Concello empregará normalmente o castelán ou outra lingua oficial do lugar onde residan aquelas, engadindo copia en galego.

CAPITULO II

DAS RESOLUCIONS E DA DOCUMENTACION ADMINISTRATIVAS

Art. 3

Serán redactadas en galego:

a).- As convocatorias das sesións de tódolos órganos colexiados da Corporación e nomeadamente as do Pleno, Comisión de Goberno, Comisións Informativas, Consellos sectoriais e Tribunais de oposicións e concursos.

b).- As actas das sesións dos citados órganos municipais.

c).- As resolucións do Alcalde, dos Concelleiros-Delegados e o seu Libro de Rexistro.

Art. 4

A documentación dos expedientes administrativos que dean lugar á adopción dos acordos e resolucións referidos no artigo anterior tamén será redactada e tramitada en galego, idioma no que se elaborarán os modelos de documentos e impresos.

Nos plans e procesos de informatización e racionalización administrativa débese ter en conta o citado obxectivo.

Art. 5
Os documentos contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego.

CAPITULO III

ATENCION Ó PÚBLICO

Art. 7
Os servicios da Oficina de Información e demais unidades administrativas que teñen unha relación co público máis intensa, promocionarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e a información ós cidadáns dos seus dereitos lingüísticos, de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

O disposto no presente artigo tamén é de aplicación ás empresas ou entidades que presten e realicen servicios públicos municipais por concesión, arrendamento ou concerto de calquera tipo de contrato que deberán acreditar que teñen persoal cualificado suficiente para este fin.

CAPITULO IV

RELACION COAS EMPRESAS PRIVADAS

-

Art. 8
Os estudios, proxectos e traballos semellantes de consultoria, asistencias concretas non habituais, servicios específicos e traballos concretos non habituais, así como calquera outra de prestación de servicios técnicos que o Concello encargue a terceiros dentro do ámbito territorial galego terán que ser redactados en galego, aínda que a súa finalidade esixa, tamén, outras linguas.

CAPITULO V

ANUNCIOS E PUBLICACIONS

Art. 9
Os anuncios oficiais da Corporación que se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, Diario Oficial de Galicia ou calquera medio de comunicación radicado no territorio da nosa Comunidade autónoma, serán redactados en galego.
Fora do ámbito lingüístico galego a publicidade farase xeralmente en versión dobre.

Art. 10
Con carácter xeral. As publicacións editadas polo Concello teñan ou non carácter periódico, e as campañas de divulgación e publicidade, realizaranse en lingua galega.

Art. 11
Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos celebrados en Galicia, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

CAPITULO VI

TOPONIMOS, SINALIZACION E ROTULOS

Art. 12
Consonte co que dispón o art. 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do territorio municipal do Concello de Soutomaior é a igual que a dos demais topónimos de Galicia.

Art. 13
Os rótulos e sinalización da Casa do Concello, dos outros edificios e servicios públicos e da rede viaria municipal serán redactados en idioma galego.

Cando o interese xeral o requira, tamén se poderán redactar en castelán e noutros idiomas.

CAPITULO VII

DO PERSOAL Ó SERVICIO DO CONCELLO

Art. 14

1.- A declaración da oficialidade do idioma esixe que todo o persoal ó servicio do Concello estea en condicións de empregalo nos seus niveis, oral e na escrita, en igualdade co castelán e de acordo coa natureza dos seus postos de traballo.

2.- Para acadar ese obxectivo, establécense as seguintes regras:

A) O persoal que traballe ó servicio da Corporación e non estea capacitado para o uso do galego de acordo co disposto no apartado núm. 1 do presente artigo deberá adquirir tal coñecemento. Con ese fin o Concello desenvolverá un programa de formación e perfeccionamento.

B) Nos procedementos de selección do novo persoal incluirase sempre unha proba de coñecemento e de capacidade de uso oral he escrito da lingua galega adecuada ó nivel e contido da praza convocada e das funcións dos postos de traballo que poidan desenvolver.

C) Nos procedementos de provisión de postos de traballo, o coñecemento e capacidade de uso oral ~~he~~ e escrito da lingua galega terá a consideración de mérito preferente.

D) O persoal ó servicio da Corporación que teña acreditado o coñecemento do idioma galego ou participara nos programas de formación ou perfeccionamento estará obrigado á súa utilización no traballo de acordo coas disposicións que contén a presente Ordenanza.

CAPITULO VIII

RELACIONS CON OUTRAS ADMINISTRACIONS

Art. 15

As actuacións realizadas polo Concello perante os órganos de xustiza faranse en lingua galega (escrita e oral), consignándose sempre por escrito o cumprimento do art. 7.2 da Lei de normalización lingüística, referente á utilización da lingua galega por parte da Administración de Xustiza.

Igualmente, nas relacións coas demais Administracións Locais da Comunidade Autónoma ou de calquera órgano, entidade ou empresa destas ou da Administración Periférica radicada ou actuante no territorio da Comunidade Autónoma deberán utiliza-la lingua galega.

CAPITULO IX

DA CREACION DO SERVICIO MUNICIPAL DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA E A RESPECTIVA COMISION INFORMATIVA.

Art. 16
Para dar cumprimento ó espíritu que aniña nesta Ordenanza crearase o Servicio de Normalización Lingüística.

O Servicio Municipal de Normalización Lingüística terá, entre outras, as seguintes funcións:

1ª.- Acción específica dirixida a fomenta-lo uso do galego oral ~~e~~ escrito na vida cotián dos cidadáns, na vida comercial, cultural, deportiva, lúdica.....
2ª.- Colaborar activamente cos grupos de base -culturais, deportivos, etc.- que participen na dinamización do uso do galego.
3ª.- Avaliación periódica dos resultados da acción normalizadora.

CAPÍTULO X

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.- O disposto nesta Ordenanza para os servicios municipais será igualmente de aplicación ós adxudicatarios dos contratos administrativos privados ou de calquera natureza incluidos os convenios concertados ou adxudicados polo Concello.

Segunda.- O establecido no artigo 9 e seguintes da presente ordenanza será aplicable tamén ás actividades deste tipo desenvolvidas por entidades privadas cando disfruten dunha subvención municipal.

Terceira.- O Concello defenderá e aplicará nesta Ordenanza en tódolos organismos e entidades (comercios, mancomunidades...) nas que participe xunto con outras institucións públicas ou privadas no territorio de Galicia.

Cuarta.- O Concello de Soutomaior en defensa dos dereitos e intereses dos veciños e veciñas deste municipio actuará en defensa do seu dereito ó uso do idioma propio e oficial de Galicia. Poderá para este fin, tramitar e apoiar queixas e iniciativas para asegura-la plena normalización da lingua galega.